



Boletín de Medio Ambiente



Estuario do río Coroño

Concello: Boiro

Características: Na desembocadura do principal río de Boiro, atópase unha das paraxes naturais máis belas e peculiares da zona. O río Coroño chega ao final do seu traxecto formando unha pequena ría rodeada de vexetación tipicamente lacustre. É un varadeiro natural ideal para pequenas embarcacións. Por aquí cruza a ponte que une Escarabote con Boiro e comeza o paseo marítimo de Barraña.

Servizos: Piñeiral habilitado con mesas e grellas, niño de libros, tirolinas, e circuito biosaludable.

Noticias

O G7 conclúe a súa reunión sen un acordo sobre os plásticos nos océanos

Os ministros de Medio Ambiente, Océanos e Enerxía do G7 concluíron sen éxito a súa reunión en Canadá sobre a contaminación mariña.

Aínda que os ministros mostráronse de acordo en reducir a contaminación plástica nos océanos, Canadá foi o único país que especificou contribucións económicas para loitar contra as emisións de lixo plástico aos océanos (38 millóns de dólares canadenses). Canadá quere gañar apoios internacionais para que a Convención de Plásticos no Océano, que establece un marco internacional para deter as emisións de lixo plástico aos océanos, sexa aprobada pola ONU.

Fonte: Efeverde

A ONU premia a sete mozos por axudar a restaurar e protexer o planeta

Sete mozos foron premiados pola ONU polos seus ambiciosos e innovadores proxectos para restaurar e protexer o planeta no marco da segunda edición do concurso Novos Campións da Terra.

Entre as ideas galardoadas durante a cerimonia deste ano figuran a creación de granxas de coral e aplicación móbil para calcular a pegada ecolóxica das persoas.

Cada mozo campión obterá 15.000 dólares en fondos iniciais, captación, titorías e ferramentas para ampliar os seus proxectos. Así, a ONU pretende involucrar aos mozos nos esforzos para protexer o medio ambiente.

Fonte: La Vanguardia

Suíza aproba en referendo incorporar a bicicleta á súa Constitución

Os electores suízos votaron masivamente a favor de incorporar a bicicleta á súa Constitución, co obxectivo de que o seu desenvolvemento sexa igual de importante que o de vías e os carreiros pedestres. A modificación constitucional, que foi aprobada cun 72% de votos, implica a mellora da rede de pistas para bicicletas para que se equipare ás vías e carreiros pedestres.

Segundo os seus patrocinadores, a mellora da rede de pistas para bicicletas contribuirá á seguridade dos ciclistas e a alixeirar o tráfico, tendo tamén efectos positivos sobre a saúde, o medio ambiente e o turismo.

Os suízos rexeitaron en referendo, sen embargo, as iniciativas que buscaban reducir o desperdicio de alimentos e adoptar unha política agrícola favorable a unha produción sustentable, ecolóxica e social, cun 63% e 70% de votos en contra respectivamente.

Fonte: 20 minutos

O primeiro supermercado a granel de Madrid

María Arias de 26 anos, é a emprendedora que abriu o primeiro supermercado en Madrid onde todo se vende a granel, desde o viño ao champú, pasta, vinagre ou o azucre. A moza empeñouse en que desterremos os plásticos para ir á compra e o seu obxectivo é que, en breve, todo pódase comprar a través da web.

Á entrada do establecemento, na parede, pódese ler como é a dinámica: "A xente pode traer as súas bolsas e botes de cristal. Pésanse antes de enchelo para logo descontar ese peso do total". Tamén se podes comprar recipientes e bolsas de tea e todos os provedores son españois.

Fonte: El Mundo

Eurodeputados alertan dunha posible catástrofe natural en Doñana

O presidente da delegación do Parlamento Europeo, Pal Csaky, visitou o parque nacional de Doñana e advertiu de que os proxectos de almacéns de gas na súa contorna entrañan un risco de catástrofe natural ao ser un terreo unha zona sísmica.

O líder eslovaco falou sobre unha empresa que decidiu que esas reservas estratéxicas de gas teñen que aloxarse nuns colectores que se atopan no parque natural: "isto pode desembocar en catástrofes naturais, porque a zona é unha zona sísmica", engadiu.

O eurodeputado, que encabezou unha misión de europarlamentarios ao parque a pedimento de Esquerda Unida de Andalucía, falou dun problema que ten varias vertentes: "Existe un perigo moi grave de contaminación do medioambiente".

Fonte: ABC

Sabías que...

a semana do 24 ao 30 de setembro celébrase a 1ª semana contra o desperdicio alimentario?

Europa xera o 14% do desperdicio mundial de alimentos e España é o sétimo que máis comida desperdicia do continente, con 7,7 millóns de toneladas.

Calcúlase que un quilo de comida equivale a 9,30 euros desperdiciados e a unha emisión de CO₂ de 2-4 kg mentres miles de persoas teñen dificultades para comprar alimentos.

Boas Prácticas

A bolsa biodegradable que se desintegra na auga

Unha empresa chilena chamada *SoluBag*, desenvolveu unha bolsa de “plástico” que se dissolve en auga mediante o uso dunha fórmula baseada en alcol polivinílico, un polímero soluble non contaminante, hidrosoluble sen ningún derivado do petróleo.

O plástico convencional tarda polo menos 150 anos en desaparecer, con todo, esta nova bolsa disólvese en tan só cinco minutos. Con este sistema pódense fabricar, non só bolsas de plástico, tamén outro tipo de produtos de consumo.

Fonte: Ecoinventos

California prohíbe as palliñas de plástico

O gobernador de California, Jerry Brown, asinou a lei AB-1884, coa que se pretende reducir o uso en restaurantes das palliñas de plástico.

As restricións desta nova norma, no entanto, fan referencia aos restaurantes pero non aos establecementos de comida rápida, lugares nos que se usan de maneira habitual e que quedarían fóra do establecido por esta lei.

Cidades estadounidenses como San Francisco ou Seattle foron máis aló que a proposta californiana e prohibiron recentemente o uso de palliñas de plástico en todos os casos.

Fonte: El Espectador

Primeira electrolínea en Carballo

O Concello de Carballo contará nas próximas semanas cunha electrolínea de uso público. A instalación, situada no parque do Rego da Balsa, da cumprimento ao contrato coa concesionaria Ferrosfer-Ferrovial, asinado fai cinco anos, que incluía entre outros compromisos a instalación dun punto de recarga eléctrico.

En Galicia hai 155 puntos (case un terzo na provincia da Coruña) pero a automoción enchufable segue movéndose en cifras moi discretas.

Fonte: La Voz de Galicia

Axenda Ambiental

- Ata 28/09/2018 Concurso Emprendemento Local pola Economía Circular
- Ata 28/09/2018 Premios Medio Ambiente APROEMA
- 28/09/2018 – 7/10/2018 Proxecto Libera. 1m² polas Praias e os Mares
- Ata 30/09/2018 Consulta pública sobre actualización dos obxectivos ambientais do segundo ciclo das estratexias mariñas (2018-2024)

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal